

Bo día, presidente, vicepresidente, compañeiras e compañeiros de corporación, persoal funcionario e laboral deste pazo provincial e veciñanza da provincia da Coruña que nos acompaña. Grazas por reservar media hora do voso tempo para este acto simbólico de homenaxe e reivindicación.

Mañá é o día internacional do Orgullo LGTB, e algúns dirán, pois eu son heterosexual e non teño día para celebrar, e NON é verdade, porque moitos dos días “de”, son días para visibilizar colectivos ou situacións que están en precario ou precisan ser visibilizadas ou protexidas e non é necesario pertencer ou padecer ningunha desas situacións para poder participar.

É o bo de vivir en sociedade, somos empáticos, por natureza, tanto coas alegrías como cos padecementos das demais persoas coas que compartimos o mundo, e desexamos a liberdade para nós e para as demais, a liberdade con maiúsculas, a que che dá dereitos sen pisarlle os dereitos ao resto das persoas.

E diso vai o 28 de xuño, de demostrar que as persoas LGTBI existen, existiron sempre, e deben ter o mesmo dereito a vivir en liberdade que as heterosexuais, sen medo, sen agocharse, sen avergonzarse, con ORGULLO. Adoro esta palabra que lle puxeron ao nome do día, podía chamarse só o día LGTB, pero é o día do Orgullo, de ser e sentir fora do considerado como norma, reivindicarse con ORGULLO, visibilizarse con ORGULLO, con todo o que durante anos os estigmatizou e sinalou, con plumas, con cores, con brillo, con ORGULLO.

No ano 77, en Barcelona, fíxose a primeira marcha do Orgullo, no 70 foi en New York, pero aquí aínda vivíamos nunha ditadura, así que cando no 77, coa lei de amnistía se excarceraron os presos políticos, as lesbianas, gais, trans e bisexuais, manifestáronse para exixir ser amnistiados tamén, e que se derogara a lei de “perigosidade social” pola que eran perseguidas, encarceradas e torturadas coas chamadas terapias de conversión.

Nesa primeira marcha en Barcelona, había unha muller trans da Coruña, Trinidad Falcés, que contaba que a pesar das cargas policiais, non tiñan medo á morte, porque a súa marxinalidade era tal que era como si xa estiveran mortas. Hoxe en día, as persoas trans son as que máis están sufrindo os ataques e os retrocesos nos dereitos, como si fora unha decisión propia ou unha moda a orientación sexual ou a identidade de xénero e non a propia forma de ser e sentir de cada un. Elas queren, simplemente, ter os mesmos dereitos que as demais persoas: poder saír á rúa collidas da man sen que as miren mal, darse un bico nas terrazas, casar, bailar nas discotecas, reservar a mesma habitación nun hotel, lucir as súas cores e tacóns cando lles pete, e non ser insultadas nin maltratadas por iso, queren ter dereito aos mesmos traballos, ao mesmo respecto nas escolas, á mesma atención sanitaria, a saír de festa sen medo a que os maten a patadas mentres lle berran “maricón de merda” ou as tiren da muralla de Lugo por “enxendro travestido”.

O mundo cambiou moito, Nos últimos anos é incuestionábel o avance que se foi dando socialmente e a conquista de dereitos para todas as persoas grazas á loita do colectivo. pero segue habendo 67 estados nos que é delito ser homosexual, en 12

deses países poden ser condenados a pena de morte. E os dereitos conseguidos en outros países despois de moita loita e sufrimento, foron minguando a medida que a ultradereita sube ao poder, que non sei eu que mal lle pode facer a ninguén a quen ame unha persoa, non sei porque esa teima dos partidos de dereitas con querer controlar até o que pasa nas relacións sexuais consentidas da xente; pero así é. En Turquía, desde o 2015 está prohibida a marcha do Orgullo. En Hungría desde 2021 está prohibida a representación das persoas LGTBI nos medios de comunicación e nos libros. En Rusia, desde 2023 as asociacións LGTBI son consideradas extremistas e as persoas que teñan calquera relación co colectivo en público, aínda que só sexa levar unha pulseira coa bandeira arcoiris, son detidas. En **Estados Unidos**, desde 2022 en Florida coa ley *Don't say Gay*, comezou un retroceso lexislativo en moitos dos estados, aprobándose até 500 leis que pretenden limitar os dereitos da comunidade LGBTI.

E aquí? Poderíamos pensar que a situación no noso estado é ideal, que xa todo está conseguido, pero os datos, tan tercos sempre, din que os delitos de odio contra persoas do colectivo LGTBI incrementáanse cada ano, sendo os segundos máis denunciados segundo o Ministerio do Interior. Segundo esta mesma fonte, no estado español foron 522 os delitos destas características durante o ano 2023, incrementándose a respecto do ano anterior. Mais é preciso sinalar que a respecto das agresións LGTBfóbicas, existe unha importante taxa de infradenuncia, pois máis dun 80% das agresións sufridas non chegan a denunciarse nunca, polo que as cifras coas que actualmente contamos non deixan de ser a punta dun alarmante iceberg.

Por iso, estamos aquí hoxe reivindicando un ORGULLO crítico, que sexa festa, pero tamén memoria e resistencia. Non só bandeiras nas rúas e discursos unha vez ao ano, senón compromiso diario coa diversidade e coa igualdade real, e por iso que desde a área de Igualdade e dereitos civís enchemos de programación os 93 concellos da provincia a través da campaña anual LIBERDADE DE SER E SENTIR, porque seguimos querendo construír unha sociedade onde todas as identidades e orientacións sexuais podan ser vividas sen medo.

Porque todos os corpos, todas as identidades e todas as formas de amar merecen ser celebradas. Porque non hai democracia plena sen igualdade real.